

## **Resolución de 16 de febreiro de 2024 pola que se convocan prazas de mobilidade dentro do Sistema de Intercambio con Universidades Españolas (SICUE) para o estudiantado de grao e dobre grao da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o curso 2024-2025**

A USC convoca para o curso académico 2024-2025 prazas de intercambio para diversas universidades españolas ao abeiro do programa SICUE. Esta convocatoria vai dirixida ao estudiantado matriculado en titulacións de grao e dobre grao (programas de simultaneidade).

De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do programa establecida pola Conferencia de Reitores/as das Universidades Españolas (CRUE), ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC e ás seguintes bases reguladoras:

### **PRIMEIRA: OBXECTO E FINALIDADE**

1.1 A finalidade do programa é ofrecer ao alumnado de grao e dobre grao da USC a posibilidade de realizar estudos nas diversas universidades participantes no programa SICUE coas que a USC teña suscrito o correspondente convenio. Estes estudos serán plenamente recoñecidos pola USC e pasarán a formar parte do expediente académico do estudiantado nesta institución. O recoñecemento só se denegará se o/a estudante non acada o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

1.2 As prazas ofertadas nesta convocatoria son as recollidas no Anexo I desta resolución. O estudiantado só poderá realizar a mobilidade nalgunha das prazas coordinadas polo seu centro de orixe na USC. En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria prazas de mobilidade en Institucións de Educación Superior distintas das recollidas no Anexo I.

1.3 Cada estudante deberá concertar coas universidades que interveñen na súa mobilidade, é dicir, a USC e a universidade de acollida, un acordo de estudos antes do período de mobilidade (ver base novena *infra*). O acordo de estudos inicial (e as súas posibles modificacións) é a base do recoñecemento e deberá ser aprobado polo/a coordinador/a académico/a, o/a decano/a ou director/a do centro e polas persoas homólogas na universidade de acollida.

1.4 O estudiantado seleccionado deberá formalizar matrícula na USC da totalidade dos créditos incluídos no seu acordo de estudos nos prazos establecidos e aboar os prezos públicos correspondentes (ver base décima). Non procederá a matrícula contravindo o plan de estudos nin as normas de matrícula e de permanencia de aplicación nos programas de mobilidade.

1.5 As universidades de destino outorgarán matrícula gratuíta ao estudiantado seleccionado pola USC. Polo tanto, este non deberá pagar taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas etc.) na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Porén, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio etc., nas mesmas condicións que o estudiantado ordinario desa institución.

1.6 O período de estudos na universidade de destino deberá formar parte integral do programa de estudos do centro de orixe.

1.7 A praza de mobilidade SICUE non ten aparelada unha axuda económica.

## SEGUNDA: REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1 Nesta convocatoria poderá participar o alumnado matriculado na USC no curso 2023-2024 en estudos oficiais de grao e dobre grao na data de fin do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria. Exclúese expresamente o estudantado matriculado en plans de estudo de máster, o estudantado de doutoramento e o estudantado internacional matriculado na USC en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

2.2 O estudantado seleccionado para unha mobilidade deberá formalizar matrícula na USC do mesmo nivel de estudo no curso 2024-2025.

2.3 Serán excluídas de oficio as candidaturas do alumnado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias de mobilidade da Oficina de Mobilidade, non presentara en prazo e forma a súa aceptación ou renuncia formal.

2.4 Para ser admitido/a na convocatoria é necesario ter cursados e superados na USC un mínimo de 45 créditos ao remate do curso 2022-2023 e estar matriculado/a en 30 créditos máis no curso actual.

Excepcionalmente, poderanse flexibilizar os requisitos para o estudantado que sexa deportista de alto nivel e de alto rendemento, aquel que por razóns de saúde requira o seu traslado a un municipio específico ou aquel que sexa vítima de violencia de xénero.

No caso de intercambios entre universidades presenciais e non presenciais, será requisito necesario para que poida concederse a mobilidade que exista un cambio efectivo de residencia.

## TERCEIRA: SOLICITUDES

3.1 Só se aceptará a solicitude en liña, que estará dispoñible na Secretaría Virtual do estudantado da USC. O prazo de presentación de solicitudes abrangue **desde o 19 de febreiro (00:00h) até o 4 de marzo de 2024 (23:59:59 h)**.

3.2 Poderanse ampliar excepcionalmente os prazos descritos para o estudantado que sexa deportista de alto nivel e de alto rendemento, aquel que por razóns de saúde requira o seu traslado a un municipio específico ou aquel que sexa vítima de violencia de xénero. Neses casos, a USC solicitará ao estudantado que acredite tal condición que achegue unha xustificación motivada da solicitude presentada. Esta excepcionalidade quedara suxeita á dispoñibilidade de prazos e á aceptación por parte da universidade de destino.

3.3 Na solicitude o alumnado debe comprobar os seus datos persoais e de contacto e marcar a súa elección de tres destinos en orde de preferencia. Non será necesario imprimir nin entregar en papel a solicitude.

3.4 O alumnado que non realice a súa solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual non será admitido ao proceso de selección. Nos casos nos que por motivos técnicos imputables á USC non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Xeral da USC indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, tampouco será admitida ao proceso de selección.

## CUARTA: PRIMEIRA FASE DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: ELIXIBILIDADE

4.1 O procedemento de selección estruturarase en dúas fases. Nunha primeira fase comprobarase a elixibilidade das persoas candidatas para descartar aquelas que non cumplan os requisitos para participar na convocatoria.

4.2 O estudantado que non reúna os requisitos esixidos na base segunda desta convocatoria

será excluído na listaxe provisoria de candidaturas admitidas ao proceso de selección. Con todo, o alumnado disporá dun prazo de cinco (5) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da devandita listaxe provisoria para emendar a súa solicitude e xustificar o seu dereito a ser admitido, quedando excluído definitivamente de non facelo.

4.3 Transcorridos eses 5 días hábiles de prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas ao proceso de selección.

#### **QUINTA: SEGUNDA FASE DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: ASIGNACIÓN DE DESTINOS**

5.1 Nunha segunda fase, os centros asignaranlle ao alumnado seleccionado un destino en virtude dun procedemento público de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Nesta fase valorarase o expediente académico do alumnado.

5.2 De conformidade co Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC, as comisións de selección dos centros estarán presididas pola persoa Responsable Académica de Mobilidade (RAM) e estará integrada por todos/as os/as coordinadores/as académicos/as e pola persoa responsable da Unidade Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, que actuará como secretario/a. Obrigatoriamente, un dos membros da comisión de selección será o/a coordinador/a SICUE do centro.

5.3 A selección das candidaturas levarase a cabo en función da cualificación media das persoas candidatas. En caso de empate, terá prioridade a persoa con maior número de créditos con matrículas de honra. De continuar o empate, prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, nesa orde. Para o cálculo das cualificacións medias teranse en conta as cualificacións obtidas pola persoa solicitante durante os seus estudos ata o curso anterior.

5.4 A cualificación media do expediente académico calcularase de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional; isto é: suma dos créditos cualificados multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, de acordo co baremo recollido en dito Real Decreto, e dividida polo número de créditos totais cualificados no expediente académico. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin contarán para os efectos de cómputo da media do expediente académico.

Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, agás o *Non Presentado*, que non computará no numerador nin no denominador.

Para as materias adaptadas, computarase a cualificación obtida no centro de procedencia. O recoñecemento de créditos nos que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación.

Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou algunhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do RD 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

- Matrícula de honra 10,00 puntos
- Sobresaliente 9,00 puntos
- Notable 7,50 puntos
- Aprobado 5,50 puntos
- Suspenso 2,50 puntos

5.5 As prazas distribuiranse por orde de puntuación dentro de cada universidade de destino e titulación. Non se poderán adxudicar máis prazas que as recollidas nos convenios bilaterais.

5.6 Reservarase un 5% do total das prazas dispoñibles para o estudiantado cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%, feito que deberá acreditarse no momento da solicitude. Para isto o estudiantado deberá, ademais de realizar a solicitude a través da Secretaría Virtual, enviar a [sicue@usc.gal](mailto:sicue@usc.gal) unha copia do certificado de discapacidade antes do remate do prazo de solicitude. De non enviar este certificado en prazo, o estudiantado afectado concorrerá ao proceso de selección en igualdade de condicións que o resto do alumnado. No caso de que as prazas reservadas para o estudiantado con discapacidade non sexan cubertas por este colectivo, as prazas pasarán á cota xeral.

## SEXTA: RECLAMACIÓNS

6.1 Unha vez asignados os destinos, a comisión de cada centro publicará unha listaxe provisoria. Contra esa proposta as persoas interesadas poderán presentar unha reclamación perante a comisión de selección no prazo de **5 días hábiles**, contados desde a data da súa publicación. No caso de que a persoa candidata renuncie ao programa durante esta fase do proceso, os centros poderán reasignar as prazas segundo o establecido na base 5.1. Resoltas as reclamacións, publicarase a listaxe definitiva do alumnado seleccionado co destino asignado en cada centro. Esta publicación deberá estar realizada en todo caso antes do 5 de abril de 2024 (inclusive).

6.2 As reclamacións só serán atendidas cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que se incorrese en erro por mor de interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do expediente académico da persoa solicitante.
- b) Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- c) Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

6.3 Transcorrido o prazo indicado no parágrafo 6.1 sen que se presentase ningunha reclamación, ou unha vez resoltas as presentadas, a lista de cada centro adquirirá a condición de definitiva e será remitida á Oficina de Mobilidade.

6.4 Recibidas na Oficina de Mobilidade as listas definitivas de todos os centros, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización publicará unha proposta global e definitiva do estudiantado seleccionado e dos seus destinos. Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

6.5 As resolucións publicaranse na Sede Electrónica, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional>.

## SÉTIMA: ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

7.1 No prazo de **10 días hábiles** a contar a partir do día seguinte á publicación da proposta global e definitiva, o estudiantado seleccionado deberá manifestar a súa aceptación ou renuncia independentemente de que a mobilidade concedida sexa para o primeiro, o segundo semestre ou para o curso completo.

7.2 As persoas que presenten a súa renuncia fóra do prazo establecido e sen motivo xustificado ou causa de forza maior quedarán excluídas da posibilidade de intercambio durante un curso académico. Esta mesma penalización seralle aplicada ao alumnado que non presente a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo dos 10 días hábiles a partir da publicación da proposta global e definitiva. No caso de que o estudiantado ao que se lle adxudicou unha praza de mobilidade non formalizase a súa aceptación ou renuncia no prazo fixado nesta convocatoria, darase por desistido no seu dereito, polo que a Universidade poderá anular a solicitude de

oficio e poderá outorgar automaticamente a praza que tivese adxudicada á seguinte persoa na lista de agarda, se a houber.

7.3 No momento da aceptación dunha praza de mobilidade SICUE por curso completo, o alumnado non poderá seguir participando noutras convocatorias da Oficina de Mobilidade que estivesen publicadas de xeito paralelo. Con todo, poderá aceptar unha praza e optar a outra doutro programa dentro do mesmo curso académico se as solicitudes son para semestres distintos.

7.4 Unha mesma persoa non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade de destino, nin máis dun intercambio SICUE no mesmo curso académico.

#### OITAVA: OBRIGAS DO ESTUDANTADO SELECCIONADO

Aceptada a mobilidade, o estudiantado seleccionado deberá cumprimentar e enviar á Oficina de Mobilidade os documentos relativos á súa praza que lle fosen requiridos e cumprir os pasos necesarios seguintes:

- i. Poñerse en contacto co/a coordinador/a académico/a correspondente para recibir información sobre a universidade de destino, infraestrutura e recoñecemento académico dos estudos a realizar durante o período de mobilidade. Este paso pode ser previo á asignación de destino.
- ii. Completar e enviar en tempo e forma os formularios de candidatura á universidade de destino. Isto significa que, unha vez aceptada a praza, o alumnado ten a obriga de seguir todas as instrucións que reciba da súa universidade de acollida. Mesmo no caso de non recibir tales instrucións, deberá comprobar na páxina web da universidade de destino os requirimentos e prazos aos que queda suxeito/a por ser estudante de intercambio SICUE nesa universidade. Isto é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.
- iii. Elaborar, co asesoramento do/a coordinador/a académico/a, un acordo de estudos conforme o establecido na base novena desta convocatoria.
- iv. Remitir por correo electrónico a [sicue@usc.gal](mailto:sicue@usc.gal) nun prazo dun mes desde a súa incorporación á universidade de destino o modelo de certificado de chegada que aporte a institución de acollida, debidamente asinado e selado por ela.
- v. Realizar na universidade de destino os estudos para os que se lle outorgou a praza ata o remate do período de mobilidade. Se durante ese período o estudiantado decide acurtar a súa estadía, deberá comunicalo por escrito ao/á coordinador/a académico/a responsable e á Oficina de Mobilidade, así como á universidade de acollida.

#### NOVENA: O ACORDO DE ESTUDOS

9.1 O estudiantado que resulte seleccionado para participar no programa SICUE deberá, con carácter previo á súa incorporación á universidade de destino, e contando co asesoramento da súa coordinación académica, formalizar un acordo de estudos ou acordo académico no formato normalizado dispoñible na web da USC.

9.2 Este documento terá carácter vinculante cando estea asinado polas tres partes implicadas (estudiante, centro de orixe e centro de destino) e sempre que se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio, o plan de estudos do estudiantado e as normas de matrícula e de permanencia.

9.3 A data límite para ter o acordo de estudos elaborado, asinado polo/a coordinador/a e entregado no decanato ou dirección do centro é o 15 de xullo de 2024 para as mobilidades do

primeiro semestre ou do curso completo, e o 28 de outubro de 2024 para as mobilidades do segundo semestre. Unha vez elaborado o acordo de estudos, non se admitirán a trámite modificacións antes de que o estudiantado se incorpore á universidade de acollida. Estas modificacións só poderán realizarse durante o primeiro mes desde o inicio do semestre na universidade de destino, empregando o modelo normalizado de cambios.

9.4 No acordo de estudos incluíranse as materias ou actividades que o/a estudante vai cursar na universidade de destino, así como as materias correspondentes ao plan de estudos que está a cursar na USC cuxo recoñecemento vai obter como consecuencia da superación das cursadas na universidade de destino, así como a equivalencia en créditos.

9.5 O acordo académico tamén poderá incluír o traballo de fin de grao (TFG) e as prácticas externas, se as normas do centro de procedencia o permiten e se a universidade de acollida así o admite. En ambos casos, as universidades deberán indicar a dispoñibilidade de poder realizalos con tempo suficiente para non prexudicar os intereses do estudiantado de mobilidade. O alumnado tamén debe poñerse en contacto coa suficiente antelación cos/as coordinadores/as de destino para coñecer a viabilidade da inclusión das prácticas externas ou do TFG no acordo académico.

9.6 O número de convocatorias ás que ten dereito o estudiantado serán as que se levan a cabo na universidade de destino para esa materia e curso académico. Poderanse cursar optativas do plan de estudos da universidade de destino non incluídas no plan de estudos da universidade de orixe, incorporándoas posteriormente ao expediente do alumnado na universidade de orixe como créditos optativos de intercambio.

9.7 O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Deste xeito, un/ha estudante matriculado/a en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos. Do resto das materias suspensas non poderá matricularse, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade.

Poderán incluírse materias matriculadas nas que o estudiantado non se tivera presentado e aparezan cualificadas con *Non presentado*. Estas materias terán o mesmo tratamento que se se cursasen na universidade de orixe, tanto para os efectos de cualificacións como de convocatorias.

Se o estudiantado desexa incluír no intercambio SICUE materias que non se atopen na titulación obxecto do acordo académico, poderá cursalas en titulacións afíns coas que haxa acordo, previa autorización da coordinación da universidade de destino implicada, así como da coordinación académica da universidade de orixe.

9.8 No acordo académico especificarase a duración concreta da estadía, segundo o determinado no convenio bilateral asinado entre a USC e a universidade de destino. A estadía na universidade de destino terá unha duración dun semestre (para realizar un mínimo de 24 créditos) ou de curso completo (para realizar un mínimo de 45 créditos). Non se asinarán acordos académicos cunha temporalidade diferente á subscrita nos acordos bilaterais.

Con todo, cando a praza obtida corresponda a unha mobilidade de curso completo, poderán autorizarse acordos académicos para estadías de medio curso (3, 4, 5 ou 6 meses en función da organización académica das universidades de acollida). Así mesmo, poderán ampliarse mobilidades de medio curso á curso completo, sempre e cando as coordinacións das universidades de orixe e destino estean de acordo e non se incorra en agravio comparativo con ningún/ningunha estudante que solicítase praza. Ambas coordinacións poderán, se fose necesario, xustificar a súa decisión de redución ou ampliación da estadía mediante algún tipo de documento. En todo caso, farase constar dita redución ou ampliación no anexo do impreso

C, nos cadros reservados para ese efecto.

Naqueles supostos nos que á/ao estudante lle resten para finalizar os seus estudos menos créditos que o mínimo esixido en cada tipo de estadía, o estudiantado poderá optar ao intercambio a condición de que se matricule de todos eles e que estes se inclúan no acordo de estudos.

O estudiantado cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior o 33% poderá solicitar unha diminución dos créditos incluídos no acordo de estudos. Esa solicitude deberá ir acompañada dun informe do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC. Nestes casos os centros de orixe e destino procurarán informar, coordinar e realizar un seguimento adecuado a través das persoas responsables de mobilidade e as unidades de atención á diversidade e discapacidade.

## DÉCIMA: MATRÍCULA

10.1 Unha vez formalizado o acordo de estudos, **o alumnado deberá formalizar necesariamente, e dentro dos prazos ordinarios establecidos, a matrícula na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos.** Non procederá a matrícula contravindo o plan de estudos nin as normas de matrícula e de permanencia da USC.

10.2 Esta matrícula reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

No período de duración da estadía do programa de intercambio SICUE, o estudiantado será alumnado do centro de orixe para todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas do alumnado do centro de destino. O/A estudante deberá solicitar admisión como estudante de intercambio SICUE na universidade de destino e cumprir con todos os requisitos e formalidades que esta lle requira para a súa admisión e matrícula.

10.3 De xeito complementario ao seguro escolar de subscrición obrigatoria para todo o estudiantado da USC, o alumnado que faga unha mobilidade SICUE terá que contratar o seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que determine a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación dese seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada desde a Secretaría Virtual do alumnado.

10.4 O estudiantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos e disporá das convocatorias de exame que teña establecidas a universidade de destino. Con todo, o alumnado pode optar por presentarse á segunda oportunidade das materias cursadas no primeiro semestre na universidade de destino ou ben presentarse á materia equivalente na USC, previa autorización da coordinación académica e sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- i. Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- ii. Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes ao da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso se permitirá render exame na USC de materias optativas da universidade de destino que non existan no plan de estudos da USC.
- iii. Que a guía docente da materia na USC non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á segunda oportunidade poderá realizarse perante o/a coordinador/a académico/a por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de segunda oportunidade. A persoa coordinadora comprobará se a solicitude reúne os requisitos e a remitirá ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RAM estimará ou desestimarán a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e o comunicará con antelación suficiente á persoa interesada e ao profesorado da materia antes da avaliación. A Unidade de Apoio á Xestión de Centro e Departamentos comunicará á Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente a relación do estudiantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lles retire a condición de estudante de intercambio na acta e poida ser cualificado/a.

As materias do segundo semestre e as materias anuais quedan expresamente excluídas desta posibilidade.

### **DECIMOPRIMEIRA: RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS**

11.1 Unha vez finalizada a estada na universidade de destino, esta expedirá unha certificación académica oficial acreditativa dos estudos realizados por cada estudante e enviará dita certificación ás correspondentes universidades de orixe. Nesta certificación académica figurará a denominación das materias ou actividades cursadas polo/a estudante, os créditos obtidos e as cualificacións acadadas.

As matrículas de honra obtidas na universidade de destino deberán incorporarse ao expediente académico do alumnado pola universidade de orixe, xa que forman parte do sistema de cualificacións.

11.2 Recibida a certificación académica oficial na universidade de orixe, o/a coordinador/a académico/a fará chegar á Unidade de Apoio á Xestión do centro correspondente a proposta de resolución de recoñecemento de estudos. A proposta fixará as materias para as cales se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas, que en ningún caso poderán ser diferentes ás que figuren na certificación académica oficial expedida pola universidade de destino. Desde a Unidade de Apoio á Xestión de Centro e Departamentos verificarase que a proposta se corresponde co recollido no acordo de estudos, coa matrícula formalizada e coa certificación académica oficial da universidade de destino.

11.3 A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola Unidade de Apoio á Xestión do centro ao/á decano/a ou director/a do centro para que se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións orixinais para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poidan incluír.

### **DECIMOSEGUNDA: NORMAS DERRADEIRAS**

12.1 A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

12.2 Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos Artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso



Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Con todo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento  
Administrativo Común das Administracións Públicas

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/02/2024 13:56:19.

**CSV:** D94D-15EB-4A48-9B4B